

PROLONGACIONES DE XORNADA - O TRIPLA FRAUDE

Como todos sabemos, nos últimos 5 anos, vivimos un proceso de reestructuración brutal no sector financeiro onde **se perderon máis de 57.000 postos de traballo**, un 21% menos de traballadoras e traballadores.

Un nivel de ocupación ao que se chegou pola situación crítica do noso sector e que os bancos aproveitaron para reducir o máximo de persoal e gañar produtividade a custa dos seus traballadores e traballadoras, mediante as **prolongacións de xornada**.

Unhas prolongacións que, ao non estar recoñecidas e pagadas como horas extras, defraudan á Seguridade Social, á Facenda Pública e ao emprego, precarizando aos mozos e á sociedade.

Unha **tripla fraude**, do que inconscientemente somos partícipes e que ten graves consecuencias:

- **Fraude social**, porque as prolongacións de xornada impiden a contratación de persoas e non cotizan á Seguridade Social, afectando as nosas prestacións futuras (**IT, desemprego, xubilacións, maternidade / paternidade...**)
- **Fraude económica**, porque as prolongacións de xornada non as pagan e polo tanto non tributan á Facenda Pública, precarizando se os servizos públicos.
- **Fraude laboral**, porque os nosos salarios se deprecian notablemente.

Prolongar a xornada 1,5 horas diarias, implica unha redución de máis do 20% do noso salario.


Os números son claros: Se nun equipo de 27.000 empregados, 10.000 traballasen "en negro" 2 horas, dous días á semana, estarían a realizar máis de 2.000.000 de horas negras-extraordinarias, equivalente a máis de 1.100 novos postos de traballo.

Por se fose pouco, afectan notablemente ás nosas relacións familiares e á nosa saúde.

CCOO somos conscientes da situación de crise na que nos encontramos, pero reclamamos a BBVA **un cambio de orientación**, en prol de eliminar as prolongacións de xornada sistemáticas e modificar a cultura presentista.

Mentres que a súa prioridade siga sendo incrementar os bonus da Alta Dirección e os presupostos en publicidade en detrimento da **adecuación do equipo ás necesidades reais**, seguirá sen solucionarse o problema. Ao contrario, dende CCOO consideramos que un cambio de estratexia provocaría un triplo beneficio tanto a nivel laboral (máis calidade no servizo), social (recuperación económica) e persoal (máis satisfacción persoal, menos estrés, menos absentismo por IT...).

Ponte límites e non participes desta fraude. Axudaraste a ti mesmo, axudarás os demais.



Maio 2014